

CEIP As Bizocas

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL



Curso 2023/24



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

CEIP "AS BIZOCAS"

Balea s/n 36988 O Grove- Pontevedra-Telf. 886 15 19 72

e-mail:ceip.asbizocas@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.es/centros/ceipasbizocas



DATA DE REVISIÓN POLA CCP: 21/11/2023

DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO E CONSELLO

ESCOLAR: 05/12/2023

DATA DE REMISIÓN Á INSPECCIÓN EDUCATIVA: 11/12/2023

Este documento foi elaborado polo Equipo Directivo e aprobado polo Claustro e Consello Escolar.



1.- INTRODUCCIÓN	4
1.1.- TITORÍAS	4
1.2.- FUNCIÓNS DO PROFESORADO TITOR	5
1.3.- OBXECTIVOS	7
2.- A CONVIVENCIA E O RESPECTO Á DIVERSIDADE NO CURRÍCULO EDUCATIVO	8
3.- CRONOGRAMA DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL	10
4.- EXPLICACIÓN DE ACTIVIDADES	21
4.1.- REUNIÓN INICIAL DAS TITORÍAS COAS FAMILIAS	21
4.2.- AVALIACIÓN INICIAL	22
4.3.- ANÁLISE DA ESTRUTURA SOCIAL DA AULA E TRABALLO DE NORMAS E RESPECTO ÁS DIFERENZAS	24
4.3.1.- ESTRUTURA SOCIAL DA AULA. OS SOCIOGRAMAS	
4.3.2.- TRABALLO DE NORMAS E RESPECTO ÁS DIFERENZAS	
4.4.- MELLORA DAS HABILIDADES SOCIOEMOCIONAIS	29
5.- AVALIACIÓN DO PAT	32
6.- LEXISLACIÓN	33
ANEXOS	
- CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA ALUMNADO (6-10)	
- CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA PREADOLESCENTES (11-13)	
- ENQUISA DE AVALIACIÓN DO PAT	



1.- INTRODUCCIÓN

A labor do profesorado titor non soamente consiste en impartir unha serie de asignaturas a un grupo de alumnado determinado (ver funcións no punto 1.2) senón que vai moito máis alá e ten que ver máis cunha figura que serve de exemplo para ese alumnado e lles facilita ferramentas para poder desenvolverse social e emocionalmente en diversos entornos, así como intentar implicar ás familias neste proceso.

É por isto que un plan de acción titorial que, dalgún xeito, intente sistematizar e planificar o proceso de acción titorial se fai tan necesario.

Con este plan preténdese recoller de forma organizada as actividades específicas das titorías para atender ás necesidades do noso alumnado (habilidades socio-emocionais, falta de motivación, traballo coas familias...). Intentará contemplar de forma secuencial actividades como: avaliación inicial, planificación da charla inicial cos pais, estruturación de entrevistas ás familias, traballo inicial de normas, respecto e diferencias, análise da estrutura social da aula (sociogramas), estruturación das actividades de habilidades sociais cara ao curso...

1.1.- TITORÍA.

Cada grupo de alumnado terá unha persoa titora que será designada por dirección de acordo co establecido no art. 80 no ROC das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

O profesorado titor, ademais da súa tarefa específica como docente, responsabilizarase da acción titorial do seu grupo.

No caso de que o número de profesorado de primaria/infantil sexa igual que o número de unidades, cada mestra/e desempeñará a titoría dun grupo de alumnado. No caso de que o número de profesorado sexa inferior que o de unidades, a titoría de cada grupo de alumnos recaerá preferentemente no mestre/a que teña maior horario semanal co dito grupo. O profesorado que sexa compartido en varios centros só poderá ser designado titor no centro base.



A asignación de titorías ós especialistas farase con carácter extraordinario e sempre antepoñendo o beneficio do grupo. Terase en conta que especialista ten máis horas dispoñibles, procurando –ó mesmo tempo- que imparta o máximo de horas de docencia no grupo do que vai ser titor/a.

Co fin de facilitar a relación do profesorado titor coas familias, fixarase na programación xeral anual unha hora semanal para a atención ás mesmas, dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia no centro. Programaranse, igualmente, reunións globais coas familias por titorías ou ciclos, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plan de traballo. En todo caso unha terá lugar antes do final de outubro.

A súa actuación deberá coordinarse especialmente coa do equipo didáctico do seu grupo, sen esquecer a necesaria coordinación co equipo de profesoras e profesores de ciclo e etapa.

A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias e a necesaria coordinación, se é o caso, coa xefatura do Departamento de Orientación.

A persoa titora manterá unha relación permanente coas familias do alumnado, atendendo á conciliación profesional e familiar, proporcionando información sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos/as e serán escoitadas naquelas decisións que afecten a orientación académica e profesional dos seus fillos/as, sen prexuízo, se é o caso, das competencias do Departamento de Orientación.

1.2.- FUNCÍONS DO PROFESORADO TITOR

Ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- A. Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura do Departamento de Orientación.
- B. Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- C. Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da



- análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- D. Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.
 - E. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
 - F. Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado do seu grupo que as precisen.
 - G. Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
 - H. Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
 - I. Informar o equipo docente do seu grupo das características, especialmente naqueles casos que presenten dificultades específicas.
 - J. Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
 - K. De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
 - L. Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dun ciclo a outro, logo de audiencia dos seus reponsables.
 - M. Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
 - N. Colaborar co Departamento de Orientación educativa e profesional nos termos que estableza o mesmo e a dirección do centro.
 - O. Colaborar co demais profesorado no marco do proxecto educativo do centro.
 - P. Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar ante o resto de profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
 - Q. Informar ao alumnado do grupo, ás familias e ao equipo docente de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
 - R. Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
 - S. Exercer, dacordo co proxecto educativo, a coordinación entre o equipo



docente do grupo.

- T. Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnado.
- U. Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados aos reponsables.
- V. Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.
- W. Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial

1.3.- OBXECTIVOS

- Favorecer a inclusión do alumno/a no seu grupo e centro, fomentando actitudes participativas.
- Respetar as normas de convivencia así como aos seus compañeiros/ás, profesorado e demais membros da comunidade educativa.
- Fomentar a cooperación, a solidariedade, o traballo en grupo respectando as regras. Desenvolver as capacidades sociais básicas para unha boa convivencia.
- Educar na convivencia democrática e participativa.
- Favorecer o seu desenvolvemento ético e a adquisición de valores. Desenvolver un xuízo crítico e razoado.
- Aceptar a súa propia identidade e favorecer a súa autoestima. Tolerar, respectar e valorar as diferenzas individuais.
- Aprender a desterrar actitudes e comportamentos de intolerancia. Desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade persoal.
- Adquirir estratexias que favorezan o proceso de ensino-aprendizaxe. Aprender a organizar o tempo de estudio.
- Manexar técnicas de estudio que favorezan o seu rendemento académico.
- Autoavaliación: reflexionar sobre os seus posibles erros e aprender deles para ser corrixidos.



2.- A CONVIVENCIA E O RESPECTO Á DIVERSIDADE NO CURRÍCULO EDUCATIVO

Se facemos un análise destes obxectivos, apreciaremos que os obxectivos que están relacionados directamente con contidos meramente curriculares son relativamente poucos en comparación cos obxectivos relacionados coas competencias emocionais, intra e interpersonais e relativos a saber facer, saber ser e aprender a aprender.

Segundo o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 7º indica claramente que a educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións



elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Pódese apreciar claramente que o currículo incide dunha forma clara en aspectos que teñen que ver coa convivencia, as diferenzas entre as persoas e o respecto interpersonal, pero xeralmente se atenden máis nas aulas aos obxectivos que teñen máis que ver con coñecementos conceptuais, máis alá dos instrumentais básicos.



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

CEIP "AS BIZOCAS"

Balea s/n 36988 O Grove- Pontevedra-Telf. 886 15 19 72

e-mail:ceip.asbizocas@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.es/centros/ceipasbizocas



3.- CRONOGRAMA DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Nota #1: As datas reflectidas na columna CONMEMORACIÓNS son lectivas para todos os efectos e nelas os centros poderán organizar actividades diversas, tendentes a salientar a importancia das referidas conmemoracións (Orde do 3 de maio de 2023).

— **Nota #2:** De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos deberán realizar actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.



MES	ATENCIÓN AO ALUMNADO	GRUPO CLASE	COORDINACIÓN PROFESIONAIS	ATENCIÓN FAMILIAS	CONMEMORACIÓNS
S E T E M B R O	<ul style="list-style-type: none">- Revisión dos EXPEDIENTES do alumnado e consulta a outros profesionais.- Preparación de probas de avaliación de competenciacurricular cara a avaliación inicial.	<ul style="list-style-type: none">- Actividades do Programa de Acolida.- Regulamento de aula: Normas e consecuencias de incumplimento, respecto e diferenzas.- Coñecemento da estrutura social da aula: sociogramas.- Posibles actividades de dinámica de grupo para fomentar o coñecemento e a aceptación, de ser preciso.- Elección de responsables de diversas tarefas.- Probas iniciais de competencia curricular.- Educación para o consumo e non sexista.	<ul style="list-style-type: none">- Participación nas reunións de ciclo para preparar a programación anual.	<ul style="list-style-type: none">- Reunión inicial coas familias, coa presenza do profesorado especialista.- Entrevistas individuais con familias de alumnado que o soliciten ou que se considere axeitado.- Reunión informativa.	



MES	ATENCIÓN AO ALUMNADO	GRUPO CLASE	COORDINACIÓN PROFESIONAIS	ATENCIÓN FAMILIAS	CONMEMORACIÓNS
O U T U B R O	<ul style="list-style-type: none"> - Detección de alumnado con NEAE - Elaboración de programas axeitados para o alumnado con NEAE. - Revisión de programación. - Criterios de avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> - Dereitos e deberes do alumnado. - Regulamento de centro: NOF - Regulamento de aula: Normas e consecuencias de incumplimento, respecto e diferenzas. - Elaboración das programacións. - Hábitos e técnicas de estudo: horario de clase e traballo persoal na casa. Condicións ambientais para o estudo e traballo persoal na casa. - Educación para a saúde. Hábitos saudábeis: alimentación e hixiene. - Educación para o consumo e non sexista. 	<ul style="list-style-type: none"> - Participación nas reunións de ciclo para preparar a programación anual. - AVALIACIÓN INICIAL. - Reunión co profesorado de apoio para tratar do plan de traballo do alumnado que asista á aula de PT e AL. - Demanda ao Departamento de Orientación das exploracións necesarias para o alumnado con necesidades educativas que o requiran. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reunión inicial coas familias coa presenza do profesorado especialista. - Entrevistas individuais con familias de alumnado que o soliciten ou que se considere axeitado. - Implicar a familia no traballo persoal dos seus fillos e fillas: organización do tempo de estudo na casa. 	Samaín.



MES	ATENCIÓN AO ALUMNADO	GRUPO CLASE	COORDINACIÓN PROFESIONAIS	ATENCIÓN FAMILIAS	CONMEMORACIÓNS
N O V E M B R O	<ul style="list-style-type: none">- Seguimento dos programas adaptados do alumnado con NEAE.- Entrevistas individuaisco alumnado que o requiran ou soliciten.- Confección e seguementodos plans de reforzo.	<ul style="list-style-type: none">- Resolución de conflitos en clase mediante asembleas.- Coñecemento do alumnado: valores, calidades, circunstancias persoais e familiares, uso do tempo libre, afeccións, actitude ante a clase, relación cos compañeiros/as e co profesorado (posible entrevista individual).- Hábitos e técnicas de estudo e traballo persoal.- Educación para o consumo e non sexista.	<ul style="list-style-type: none">- Participar nas reunións de ciclo para realizar o seguimento da programación anual.- Reunión co profesorado de apoio para tratar do plan de traballo do alumnado con apoio de PT e AL.	<ul style="list-style-type: none">- Entrevistas individuais coas familias de alumnado que o soliciten ou que se considere axeitado.	<p>20 de Novembro: Día universal da infancia</p> <p>25 de Novembro: Día Internacional contraa Violencia de Xénero.</p> <p>Magosto.</p>



MES	ATENCIÓN AO ALUMNADO	GRUPO CLASE	COORDINACIÓN PROFESIONAIS	ATENCIÓN FAMILIAS	CONMEMORACIÓNS
D E C E M B R O	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimento dos programas adaptados do alumnado con NEAE. - Entrevistas individuais co alumnado que o requira ou solicite. 	<ul style="list-style-type: none"> - Asemblea como medio de discusión e decisión para debater problemas e organizar plans de traballo, festa de Nadal, etc. - Ensino de Habilidades Socioemocionais en cada grupo. - Preparar a avaliación, recordar o sistema ecriterios de avaliación, cómo preparar exames... - Cubrir os documentos do alumnado, recollendo os datos da 1ª avaliación. - Educación para o consumo e non sexista. 	<ul style="list-style-type: none"> - Preparar e coordinar asesións de avaliación, procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios de avaliación continua, formativa e orientativa. - Reunión co profesorado de apoio para tratar do plan de traballo do alumnado con apoio de PT e AL. 	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas individuais con familias de alumnado que o soliciten ou que se considere axeitado. - Entrega do documento de información (boletín) sobre avaliación. - Enviar algunha suxestión sobre o xogo e o xoguete cara ao Nadal. 	<p>Días 28 Nov-5 Dec: Constitución. Estatuto de Autonomía.</p> <p>Día 3: Día Internacional das persoas con discapacidade.</p> <p>Día 10: Día de Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p>



MES	ATENCIÓN AO ALUMNADO	GRUPO CLASE	COORDINACIÓN PROFESIONAIS	ATENCIÓN FAMILIAS	CONMEMORACIÓNS
X A N E I R O	<ul style="list-style-type: none"> - Tras a análise dos resultados da 1ª avaliación, a programación dará resposta ás necesidades detectadas (reforzando ou ampliando contidos e obxectivos para o alumnado que o necesiten) - Seguimento de programas adaptados ao alumnado con NEAE. - Entrevistas individuais co alumnado que o requira ou solicite. - Comentar os resultados da avaliación, buscando propostas de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> - Asemblea como medio de discusión e decisión para debater problemas e planificar as actividades do 2º trimestre. - Actuar nos conflitos de orde académica ou disciplinar que afecten ao alumnado do grupo. - Ensino de Habilidades Socioemocionais. - Comentar os resultados da avaliación, buscando propostas de mellora. - Hábitos e técnicas de estudo e traballo persoal. - Educación para o consumo e non sexista. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reunións de ciclo para avaliar o 1º trimestre e planificar as actividades do 2º - Reunión co profesorado de apoio PT/AL para tratar a evolución do alumnado para planificar o trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas individuais con familias de alumnado que o soliciten ou que se considere axeitado. - Implicar a familia no traballo persoal dos seus fillos/as: organización do tempo de estudo na casa. 	<p>Día 24: Día internacional da Educación.</p> <p>Día 30: Día escolar de Non Violencia e da Paz.</p>



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

CEIP "AS BIZOCAS"

Balea s/n 36988 O Grove- Pontevedra-Telf. 886 15 19 72

e-mail: ceip.asbizocas@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.es/centros/ceipasbizocas



MES	ATENCIÓN AO ALUMNADO	GRUPO CLASE	COORDINACIÓN PROFESIONAIS	ATENCIÓN FAMILIAS	CONMEMORACIÓNS
F E B R E I R O	<ul style="list-style-type: none">- Seguimento de programas adaptados ao alumnado con NEAE.- Entrevistas individuais co alumnado que o requira ou solicite.	<ul style="list-style-type: none">- Asemblea como medio de discusión e decisión para debater problemas e valoraras actividades.- Actuar nos conflitos de orde académica ou disciplinar que afecten ao alumnado do grupo.- Ensino de Habilidades Socioemocionais.- Educación para o consumo e non sexista.	<ul style="list-style-type: none">- Reunións de ciclo para seguimento das actividades propostas.- Reunión co profesorado de apoio para tratar o alumnado que teña apoio de PT/AL	<ul style="list-style-type: none">- Entrevistas individuais con familias de alumnado que o soliciten ou que se considere axeitado.	Día 23: Día de Rosalía de Castro.



MES	ATENCIÓN AO ALUMNADO	GRUPO CLASE	COORDINACIÓN PROFESIONAIS	ATENCIÓN FAMILIAS	CONMEMORACIÓNS
M A R Z O	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimento de programas adaptados ao alumnado con NEAE. - Entrevistas individuais co alumnado que o requira ou solicite. 	<ul style="list-style-type: none"> - Asemblea como medio de discusión e decisión para debater problemas e organizar plans de traballo. - Actuar nos conflitos de orde académica ou disciplinar que afecten ao alumnado do grupo. - Ensino de Habilidades Socioemocionais. - Preparar a avaliación, recordar o sistema e criterios de avaliación, cómo preparar exames... - Comentar os resultados da avaliación, buscando propostas de mellora. - Cubrir os documentos do alumnado, recollendo os datos da 2ª avaliación. - Educación para o consumo e non sexista. 	<ul style="list-style-type: none"> - Preparar e coordinar as sesións de avaliación, procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios de avaliación continua, formativa e orientativa. - Reunión co profesorado de apoio para tratar o alumnado que ten apoio de PT/AL. 	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas individuais con familias do alumnado que o soliciten ou que se considere axeitado. - Entregas do documento de información (boletín) sobre avaliación. 	<p>Día 8: Día Internacional da Muller .</p> <p>Día 15: Día Mundial dos dereitos do consumidor.</p> <p>Días 4-8: Semana da Prensa (1 día traballo na aula con xornais).</p>



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

CEIP "AS BIZOCAS"

Balea s/n 36988 O Grove- Pontevedra-Telf. 886 15 19 72

e-mail:ceip.asbizocas@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.es/centros/ceipasbizocas



MES	ATENCIÓN AO ALUMNADO	GRUPO CLASE	COORDINACIÓN PROFESIONAIS	ATENCIÓN FAMILIAS	CONMEMORACIÓ NS
A B R I L	<ul style="list-style-type: none">- Tras a análise dos resultados da 2ª avaliación, a programación dará resposta ás necesidades detectadas (reforzando ou ampliando contidos e obxectivos para o alumnado que o necesite).- Seguimento de programas adaptados ao alumnado NEAE.- Entrevistas individuais co alumnado que o requira ou solicite.	<ul style="list-style-type: none">- Asemblea como medio de discusión e decisión para debater problemas e planificar as actividades do 3º trimestre.- Actuar nos conflitos de orde académica ou disciplinar que afecten ao alumnado do grupo.- Ensino de Habilidades Socioemocionais.- Comentar os resultados da avaliación, buscando propostas de mellora.- Educación para o consumo e non sexista.	<ul style="list-style-type: none">- Reunións de ciclo para avaliar o 2º trimestre e planificar as actividades do 3º trimestre.- Reunión co profesorado de apoio do alumnado que ten apoio de PT/AL.	<ul style="list-style-type: none">- Entrevistas individuais con familias do alumnado que o soliciten ou que se considere axeitado.	<p>Día 1: Día das Artes Galegas</p> <p>Día 7: Día Mundial da Saúde.</p> <p>Días 22-26: Semanado Libro.</p>



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

CEIP "AS BIZOCAS"

Balea s/n 36988 O Grove- Pontevedra-Telf. 886 15 19 72

e-mail: ceip.asbizocas@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.es/centros/ceipasbizocas



MES	ATENCIÓN AO ALUMNADO	GRUPO CLASE	COORDINACIÓN PROFESIONAIS	ATENCIÓN FAMILIAS	CONMEMORACIÓ NS
M A I O	<ul style="list-style-type: none">- Seguimento de programas adaptados ao alumnado con necesidades educativas especiais.- Entrevistas individuais co alumnado que o requira ou solicite.	<ul style="list-style-type: none">- Asemblea como medio de discusión para debater problemas e valorar as actividades.- Actuar nos conflitos de orde académica ou disciplinar que afecten ao alumnado do grupo.- Ensino de Habilidades Socioemocionais.- Uso do tempo libre. Uso crítico dos medios de comunicación, en especial da TV e telf.- Educación para o consumo e non sexista.	<ul style="list-style-type: none">- Reunións de ciclo para seguimento das actividades propostas.- Reunión co profesorado de apoio do alumnado que ten apoio de PT/AL.	<ul style="list-style-type: none">- Entrevistas individuais con familias do alumnado que o soliciten ou que se considere axeitado.	<p>Día 2: Día Internacional contra o <u>ACOSO ESCOLAR</u>.</p> <p>Día 9: Día de Europa.</p> <p>Días 13-17: Semana das Letras Galegas.</p>



MES	ATENCIÓN AO ALUMNADO	GRUPO CLASE	COORDINACIÓN PROFESIONAIS	ATENCIÓN FAMILIAS	CONMEMORACIÓ NS
X U Ñ O	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimento de programas adaptados ao alumnado con necesidades educativas especiais. - Entrevistas individuais co alumnado que o requira ou solicite. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comentar os resultados da avaliación, buscando propostas de mellora. - Cubrir os documentos do alumnado. - Propoñer tarefas a realizar durante o período estival. - Educación para o consumo e non sexista. - Visita do alumnado de 6º ao IES que temos adscrito 	<ul style="list-style-type: none"> - Preparar e coordinar as sesións de avaliación. - Reunión co profesorado de apoio para tratar da avaliación do alumnado que ten apoio de PT/AL - Reunión co profesorado de ciclo para determinar o alumnado proposto para repetir curso ou para que asistan á aula de PT/AL ou de apoio. - Memorias finais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas individuais con familias de alumnado que o solicite ou que se considere axeitado. - Entrega dos resultados finais coas orientacións para o verán e curso seguinte. - Enviar algunhas suxestións sobre o uso do tempo libre. 	<ul style="list-style-type: none"> - Día 5: Día Mundial do Ambiente.



4.- EXPLICACIÓN DE ACTIVIDADES

4.1.- REUNIÓN INICIAL DAS TITORÍAS COAS FAMILIAS.

Faríase en 4º de Educación Infantil antes de comezar as clases, e no resto, por titorías, no mes de setembro ou 1ª quincena de outubro. Ditas titorías deberán ser coordinadas para que o profesorado especialista puidese estar presente, nesas reunións.

As reunión de inicio de curso son moi importantes, xa que é a ocasión durante todo o curso onde adoita haber máis pais, e onde se poden dar informacións de sumo interese e establecer cauces de participación e comunicación.

Posibles puntos a tratar na reunión inicial:

1. Presentación do profesorado.
2. Normas do centro.
 - NOF: puntualidade, sancións...
 - Normas da aula.
3. Información xeral dos obxectivos do curso, metodoloxías, criterios de avaliación e promoción.
4. Información do centro:
 - Departamento de Orientación: información da súa existencia, o seu labor e forma de acceder ó departamento en caso de necesidade.
 - Actividades extraescolares e complementarias organizadas para o curso (autorizacións para as saídas na contorna, aportacións económicas, autorización de imaxe...)
 - Control das faltas de asistencia. Xustificación das mesmas.
 - Horario de titoría, forma de pedir as entrevistas coa persoa titora ou con calquera profesorado especialista.
5. Colaboración dos pais/nais:
 - Hábitos alimenticios.
 - Respecto interpersonal: correcta comunicación entre adultos e



iguais.

- Normas de hixiene
- Hábitos de estudio: axuda familiar na casa.

6. Recomendacións:

- Colaboración co profesorado
- Necesidade de comunicación ante problemas que xurdan.

7. Entrega/Recollida de modelos para asinar polas familias para as titorías:

4.2.- AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial, consideramos que é moi importante xa que é un punto de inicio básico para elaborar correctamente as programacións tendo en conta as características do noso grupo de alumnado, así como facer a distribución dos apoios e reforzos dun xeito máis obxectivo, co conseguinte aproveitamento correcto dos recursos humanos e materiais. Vista, polo tanto, a lexislación, durante o primeiro mes de curso, as titorías levarán a cabo á avaliación inicial. Dende o departamento de orientación poderanse facilitar instrumentos de avaliación curricular a aquelas titorías que o soliciten, aínda que a observación e a valoración das producións e actitudes escolares do alumnado son unha forma importante de valoración durante este primeiro mes. É importante consultar todos aqueles documentos: informes, expedientes, etc de todo o alumnado por parte de cada titoría antes de facer á avaliación inicial, así como consultar con outro profesorado que fose titor dese alumnado anteriormente así como co departamento de orientación para poder ter unha información máis precisa de cada alumno e alumna, e por ende, de todo o grupo clase.

Entendemos que a avaliación inicial debería estar feita na 2ª semana de Outubro.

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa: O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a



información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante da que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada área ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

Segundo o Artigo 20 da Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa:

1. A avaliación inicial na etapa de educación infantil realizarase en consonancia co establecido no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante de que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada área ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio e reforzo que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

4.3.- ANÁLISE DA ESTRUTURA SOCIAL DA AULA E TRABALLO DE NORMAS E RESPECTO ÁS DIFERENZAS.

Para que unha terra dea os seus froitos é convinte abonala e preparala primeiro. En caso de non facelo, os froitos poden saír cativos, desordeados, defectuosos ou mesmo con enfermidades. Unha clase tamén temos que tela ben organizada tanto a nivel material, persoal, como social, para poder afrontar o traballo de forma produtiva.



4.3.1.- ESTRUTURA SOCIAL DA AULA. OS SOCIOGRAMAS.

No caso de que a persoa titora acometese por primeira vez a súa labor con un grupo determinado é importante que coñeza a estrutura social e as interaccións persoais que se dan na súa aula.

Isto é importante para saber cómo temos que afrontar os problemas sociais que se dan no grupo, xa que moitas veces descoñecemos ónde teñen a súa orixe.

Pódense solicitar no departamento de orientación sinxelas ferramentas que lles axudarán a efectuar un sociograma do grupo clase.

É moi importante a información que se pode extraer dun sociograma, xa que está moi relacionada coas Habilidades Sociais:

- **Popularidade:** Os nenos e nenas con moitas eleccións son populares, líderes de grupo. En xeral, presentan características positivas, pero é posible que sexan líderes negativos e que a súa conduta se afirme contra o adulto ou contra outro alumnado e obteña admiración entre o grupo.

Pero tamén é posible que alumnado que cremos que son líderes, logo non son votados nun sociograma.

- **Correspondencia:** Coa correspondencia poden atopar amizades incipientes (é dicir, A elixiu a B e B elixiu a A). Á hora de formar grupos é interesante telas en conta.

Convén, non obstante, non perder de vista as correspondencias negativas, é dicir, A elixiu a B, pero B rexeitou a A, pois é posible que sexan nenos ou nenas con baixa autoestima.

- **Rexeitamentos:** Os nenos ou nenas con moitos rexeitamentos non son populares e adoitan presentar ou ben unha conduta agresiva ou ben pasiva. É importante analizar as causas do devandito rexeitamento e cómo podemos axudalos a corríxilo.
- **Formación de subgrupos:** Se existen nenos ou nenas con parecido número de eleccións e de rexeitamentos pode significar formación de grupos antagónicos. Pero é máis normal que se formen subgrupos dentro do gran grupo, entre os cales exista certa independencia de eleccións e rexeitamentos.



A popularidade e os rexeitamentos están relacionados coas habilidades sociais. É importante, pois, analizar qué habilidades concretas, ou a súa carencia, son as responsables de tales resultados.

Iso non quererá dicir que as habilidades sociais sexan a única causa, pero si merece a pena telas en consideración.

4.3.2.- TRABALLO DE NORMAS E RESPECTO ÁS DIFERENZAS.

A) TRABALLO DE NORMAS

Unha vez coñecida a forma en que se desenvolve socialmente a nosa aula, ou paralelamente a elo, creemos moi importante traballar SEMPRE (o alumnado tende a non querer lembrarse das normas e as consecuencias do seu incumplimento), a principios de curso, a confección de normas e consecuencias non escatimando tempo para que esta cuestión quede ben clara entre o alumnado. Moitas veces entramos a "*dar materia*" obviando este aspecto, moi importante, e que de estar ben feito, facilitará que logo poidamos aproveitar mellor as clases, e, polo tanto, nunca é tempo perdido. Aínda que durante todo o curso estaremos a lembrar estes aspectos é nos inicios de curso onde deben ser traballados mais profundamente.

É interesante que o alumnado considere as normas como súas, e que, por tanto, se sintan obrigados colectivamente a cumprilas.

Débense especificar de antemán unha serie de normas básicas e despois guiar ao grupo para que considere que esas normas son fundamentais para unha boa marcha da clase.

A modo de exemplo unhas normas de aula básicas que poderían valer para todo o centro e que, polo tanto, todo o profesorado, especialmente os especialistas, podería aplicar consecuentemente poderían ser:



Nesta clase, entre todos e todas, acordamos que debemos:

1.- RESPECTAR AO PROFESORADO, AOS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS E O MATERIAL.

Esta norma inclúe: obedecer ao profesorado, non insultar nin agredir, pedir as cousas por favor e dar as grazas, pedir permiso para entrar, recoller as cousas... estas "subnormas" considéranse normas máis propias de infantil por separado.

Hay que traballar ou lembrar moi ben todo isto a principios de curso.

2.- SOLUCIONAR OS PROBLEMAS DIALOGANDO.

3.- ERGUER A MAN PARA FALAR.

4.- FACER AS TAREFAS EN SILENCIO CANDO SE TRABALLA SO E EN VOZ BAIXA CANDO SE TRABALLA EN GRUPO.

5.- REMATAR AS TAREFAS.

Para traballalas e facelas súas, por exemplo, pódese dicir: "creedes que si falamos todos e todas ao mesmo tempo poderemos decatarnos do que di alguén en concreto?". Si algún di que si, podemos dicirlle que nos conte algo que lle guste contar (por exemplo, o argumento dalgunha peli, ou o qué fixo o fin de semana) e todos os demais poñémonos a falar sen facerlle caso, para que aprecie que a norma ten o seu fundamento. E así con todas. Sería interesante que eles chegasen a redactar a norma. Sempre en ton positivo. Por exemplo, no canto de pór: NON debemos falar todos ao mesmo tempo, pór: debemos levantar aman para intervir.

Tamén é interesante que as normas sexan poucas e comprendan a outras. Por exemplo, no canto de pór: NON insultar, NON pegar, NON... é máis interesante pór: Respectar aos compañeiros e compañeiras, desa forma comprenden mellor o termo RESPECTAR.

Deberase discutir tamén a consecuencia do incumplimento de cada norma. En caso de alumnado moi pequeno, a dirección da titoría será maior. No caso do alumnado máis maior haberá que darlles máis iniciativa razoando as propostas.

Tamén é importante que lles lembremos que existe unhas Normas de Organización e funcionamento do Centro (NOFC), explicándolles o que é e aqueles puntos que lles afectan máis directamente.



Tamén sería conveniente falarlles dos seus DEREITOS e DEBERES como alumnado, tal como se recolle na lexislación, xa que moitas veces a rapazada ten ideas equivocadas ao respecto.

Unha vez que as temos aprobadas e asinadas por todo o grupo, tanto normas como consecuencias de incumplimento, debémolas poñer con letras grandes nun sitio onde se vexan moi ben, xa que, AO PRINCIPIO, esqueceranse frecuentemente delas e teremos que lembrarlhas pacientemente, sen enfadarnos.

Está claro que si a cada incumplimento de norma hai unha consecuencia SEMPRE, sin que teñamos que berrar nin enfadarnos, aforraremos moito tempo e haberá un ambiente mais axeitado nas aulas.

Nalgúns casos, unha vez establecidas normas e consecuencias, en que as condutas na aula impiden un normal funcionamento da mesma (alumnado con problemáticas específicas, sociais, de conduta...), pode ser interesante a utilización dun sistema de reforzo. Consultar ao departamento de orientación cada caso concreto.

Algunhas propostas para CONSECUENCIAS de incumplimento de normas:

- Pedir disculpas. Se foi un insulto diante de outros, a petición será pública. Facer un acto de conciliación.
- Zona de reflexión e/ou calma (por exemplo, no fondo da clase nun sitio aillado). En caso de deterioro: reposición do material.
- Limpiar ou arranxar calquera desperfecto ou falta de respecto material en horario de recreo. Traballos en beneficio da comunidade educativa (en parte dos recreos ou tempo de lecer).
- Anotación da falta, avisando ao alumnado do número de anotación que leva, pasando logo a outro tipo de sanción.
- Imposición dun traballo educativo acerca da norma incumplida: por qué a incumplíu, qué pode pasar si continua a incumplila. Retirada dun privilexio que ten toda a clase: actividade no exterior, excursión...
- Outras consecuencias expostas por alumnado do grupo (as consecuencias deberían ser reparadoras do dano feito e correctoras, e non meramente punitivas ou sancionadoras).
 - Pedir disculpas, dar un bico ou unha perta.



- Facer copias.
- Subir e baixar en silencio e en fila durante o recreo.
- Traballo extra.
- Estar retirado/a da actividade do grupo un tempo.
- Quedar sin parte de tempo de recreo para reparar o dano feito.
- Levar unha nota ou parte á casa explicando a situación.
- Levar para casa as tarefas non rematadas no cole, con traballo extra.

B) RESPECTO ÁS DIFERENZAS

Consideramos de gran importancia que a rapazada teña asumido o **respecto ás diferenzas interpersoais**.

Creemos moi importante que aos inicios de curso se traballe este aspecto xa que nos pode axudar moito a previr futuras problemáticas.

4.4.- MELLORA DAS HABILIDADES SOCIOEMOCIONAIS

O profesorado interesado en organizar un curso de habilidades sociais co seu alumnado, ten excelentes materiais de traballo nos libros de Goldstein (Habilidades sociais y autocontrol en la adolescencia, Arnold Goldstein) e Michelson (Las habilidades sociales en la infancia, Larry Michelson et al.), aínda que cada mestre/a pode montar o seu propio programa, sen dificultade.

Existe un programa estruturado (Programa de Enseñanza de Habilidades de Interacción Social (PEHIS), de Inés Monjas Casares), de aplicación con alumnado de primaria e secundaria.

Debería empezar por seleccionar as habilidades sociais que sexan máis necesarias para o grupo co que traballa e logo seguir o seguinte proceso:



Para ensinar habilidades sociais, Goldstein propón o método que máis se achega ao modo normal que temos de aprender outras habilidades, por exemplo a nadar, a montar en bicicleta, a conducir un coche.

Primeiro vemos a outras persoas facelo: se non vemos a outras persoas na auga, tal vez non nos atreveríamos a meternos, se non vemos a outros montar en bicicleta, pensariamos que con só dúas rodas é imposible manter o equilibrio.

Logo intentamos facelo nós, mal que ben: os amigos ou instrutores corríxennos, dicíndonos o que fixemos ben e o que fixemos mal.

Por último, vén a xeneralización: se aprendemos a nadar nunha piscina de auga doce, logo poderemos pasar ao mar, con auga salgada e ondas; se aprenderamos a conducir un coche pequeno, logo podemos atrevernos cun coche grande.

Pois ben, eses son exactamente os catro momentos que se propoñen para a aprendizaxe estruturada de habilidades sociais: Modelado, interpretación (ou role playing), crítica e xeneralización.

1º- O modelado é esencial para toda aprendizaxe social:

Por modelado aprenden as habilidades sociais a maioría das persoas: ven aos seus pais e nais dar as grazas, non berrar ao falar, sorrir oportunamente, dar un pésame, saudar a unha persoa descoñecida... Por modelado aprenderon tamén a súa conduta antisocial as persoas que teñen o problema de non posuír habilidades sociais: viron, non só na televisión, senón tamén na súa casa, "resolver" os problemas a berros e a golpes, oíron os seus proxenitores insultarse, viron os seus irmáns maiores rirse dun xordo ou roubar a unha anciá. Para todos e todas, pero especialmente para estes alumnos e alumnas que non tiveron a sorte de ver modelos sociais axeitados, é necesario empezar o adestramento en habilidades sociais cun modelado.

O mesmo mestre ou mestra ou un video gravado anteriormente sobre a habilidade que se vai ensaiar, deben ser o modelo. Pero pódese facer tamén sen video: o mestre ou mestra encárgase de facer o modelado e iso tamén é moi proveitoso para o alumnado, sobre todo para aqueles que adolecen de non ter bos modelos adultos.



2º- Interpretación (ou role playing) significa que todos os membros do grupo, un por un, deben saír ao "escenario" (que pode ser o centro da clase, cos demais sentados arredor) para ensaiar a habilidade que se lle acaba de modelar.

O alumnado debe intentar repetir a conduta asertiva que se lle modelou, seguindo aproximadamente os mesmos pasos. A Interpretación é o momento central no programa de adestramento en habilidades sociais.

Hai que motivar o alumnado para que o faga con entusiasmo e para que goce ao facelo. Se se dispón de videocámaras, débese gravar cada unha das representacións, para que se vexan e poidan apreciar os seus fallos e acertos: é a crítica máis obxectiva e máis divertida.

3º- Crítica: despois de que todo o alumnado represente a súa habilidade, váiselle facendo unha crítica construtiva:

Primeiro, pregúntase a todo o grupo, recordándolles que non se fixen só no negativo, senón tamén nos acertos, no que lles gustou.

Logo, pregúntase ao protagonista, para que se autocritique no bo e no malo.

Por último, o profesor ou a profesora dá a súa opinión, o máis obxectiva posible, rematando sempre con algunha frase que o anime a seguir traballando esa habilidade, a seguir intentándoo nas próximas sesións.

En xeral, cada alumno ou alumna debe interpretar a habilidade unha vez e sentar para que saia outro. Pero se o profesor ou profesora ve que hai alumnado que aínda non dominan aquela habilidade, non debe pasar a outra, senón insistir sobre esta (cambiando o contido, pero mantendo a mesma habilidade). E así cantas veces sexan necesarias.

4º- Xeneralización ou transferencia: é o momento culminante no curso de adestramento, cando todo se pode perder ou todo se pode gañar.

O alumnado ten que comprender que, aínda que a interpretación de papeis sexa divertida, este curso de habilidades sociais non é un xogo.

Non é para "facen teatro no colexio", senón para convivir mellor na rúa e na súa casa.



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

CEIP "AS BIZOCAS"

Balea s/n 36988 O Grove- Pontevedra-Telf. 886 15 19 72

e-mail:ceip.asbizocas@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.es/centros/ceipasbizocas



De que sexa capaz de xeneralizar á rúa e á casa o que aprendeu e representado no colexio, depende todo o éxito deste adestramento. É por isto que debemos premiar e reforzar positivamente sempre o feito de que utilice a habilidade aprendida en calquera situación: na aula, nos corredores, no patio, na rúa...

Creemos interesante que as titorías valoren as habilidades sociais que poden necesitar mellorar na súa clase e, seguindo os catro pasos propostos por Goldstein as traballen ao longo do curso. Resulta moi importante involucrar á familia.



5.- AVALIACIÓN DO PAT

A avaliación deste plan irase realizando ao longo do seu proceso de aplicación. A información así obtida permitirá facer axustes e modificacións, tanto no seu desenvolvemento como ao final do curso, co fin de melloralo e que sirva de punto de partida para darlle unha continuidade.

Os aspectos a ter en conta na avaliación serán:

- Nivel de consecución dos obxectivos.
- Actividades realizadas. As planificadas e non realizadas. As incorporadas no proceso.
- Eficacia das actividades en función do alumnado, do profesorado e das familias.
- Grao de implicación da comunidade educativa. Cambios operados no centro.
- Necesidade ou non de rectificación da acción.
- Os instrumentos que se utilizarán serán eminentemente cualitativos baseándose en observación, entrevistas e enquisas, modelo recollido no anexo.



6.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e se regula a súa avaliación
- Orde de 30 de maio de 2023 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil e se regula a súa avaliación.



CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA NENOS E NENAS (6-10)

NOME E APELIDOS.....

PERSOA TITORA.....

CURSO.....

1. Quen son os tres nenos ou nenas da túa clase cos que máis che gusta xogar?

Por que che gusta xogar con eles ou con elas?

2. Quen son os tres nenos ou nenas da túa clase cos que menos che gusta xogar?

Por que non che gusta xogar con eles ou con elas?

3. ADIVIÑA quen é o neno ou a nena da túa clase:

a. que ten máis amigos e amigas

b. está máis triste

c. a quen máis quere o profesorado

d. está máis alegre

e. que máis axuda aos demais

f. que máis sabe

g. que menos amigos e amigas ten

h. que máis molesta aos demais

i. que menos sabe

j. a quen menos quere o profesorado



CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA PREADOLESCENTES **(11-13)**

NOME E APELIDOS.....

CURSO.....

PERSOA TITORA.....

1. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase cos que máis che gusta traballar?

Por que che gusta traballar con eles ou con elas?

2. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta traballar?

Por que non che gusta traballar con eles ou con elas?

3. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen máis che gusta estar durante o tempo libre: saír, nos recreos...?

Por que che gusta estar con eles ou con elas?

4. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta estar durante o tempo libre: saír, nos recreos...?

Por que non che gusta estar con eles ou con elas?



5. Quen é o rapaz ou a rapaza de a túa clase que destaca por:
- a. ter moitos amigos/as.
 - b. non ter amigos/as
 - c. levarse ben co profesorado
 - d. levarse mal co profesorado
 - e. ser simpático cos compañeiros e compañeiras
 - f. ser antipático cos compañeiros e compañeiras.....
 - g. a súa capacidade para atender e escoitar aos demais.....
 - h. estar frecuentemente chamando a atención dos demais.....
 - i. resolver conflitos entre compañeiros/as.....
 - b. 5.10. a súa agresividade
 - c. 5.11. saber comunicarse
 - d. 5.12. ter problemas para comunicarse



ENQUISA DE AVALIACIÓN DO PAT

Aspecto a avaliar	Rodear (1-5)
Logrouse un bo clima de convivencia entre o alumnado do grupo	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Houbo unha boa integración do alumnado no seu grupo	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Os alumnos/as do grupo mostráronse satisfeitos/as de pertencer ao mesmo	1 – 2 – 3 – 4 – 5
O alumnado coñece os seus dereitos e deberes fundamentais como estudantes e as normas do centro.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Os alumnos/as do grupo contribuíron á boa marcha do centro e participaron nas actividades organizadas para o alumnado.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Os alumnos/as teñen un dominio aceptable das técnicas básicas de aprendizaxe e estudio	1 – 2 – 3 – 4 – 5
As familias estiveron informadas nos casos de falta de interese, falta de puntualidade e inasistencia dos seus fillos/as a clase	1 – 2 – 3 – 4 – 5
O profesorado do grupo colaborou co titor/a no desenvolvemento da acción tutorial	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Houbo un axeitado coñecemento do contexto xeral do grupo e contribución á súa cohesión	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Fomentouse o desenvolvemento de actitudes participativas e solidarias.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Fomentáronse actividades que promovan a madureza do alumnado e possibiliten o seu achegamento á cultura, entendida esta de forma global	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Informouse ao alumnado e familias sobre a estrutura e normativa do centro, potenciando a súa participación na vida escolar.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Proporcionáronse solucións axeitadas en caso de que xurdan conflitos entre os membros do grupo.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Informouse ao alumnado dos criterios de avaliación e promoción.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Coñecéronse suficientemente as capacidades, problemas e condicións físicas e psíquicas de cada alumno/a.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Coñecéronse as dificultades de cada alumno/a para a aprendizaxe e, no seu caso, atendéronse, especialmente as problemáticas relacionadas con:	



A falta de motivación e o estudo.	1 – 2– 3 – 4– 5
As dificultades de relación e integración.	1 – 2– 3 – 4– 5
As crises madurativas.	1 – 2– 3– 4 – 5
A problemática familiar.	1– 2 – 3– 4 – 5
Facilitouse a integración do alumnado no grupo-clase e na dinámica xeral do centro.	1 – 2– 3 – 4– 5
Contribuíuse á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe para detectar as dificultades e necesidades e articular as respostas educativas axeitadas ou solicitar, no seu caso, os oportunos asesoramentos e apoios (reforzo, recuperación, adaptacións...).	1 – 2– 3– 4 – 5
Coñécense os intereses, ideais e aspiracións de cada alumno e alumna e as súas actividades e intereses fóra do centro.	1 – 2– 3 – 4– 5
Potenciose a capacidade crítica.	1 – 2 – 3– 4– 5
Existíu orientación no relacionado coa organización do estudio e técnicas de traballo individual.	1 – 2– 3 – 4– 5
Mantívose unha comunicación constante cos pais de cada alumno/a en torno á súa problemática individual.	1 – 2 –3 – 4– 5
Informouse ás familias sobre os obxectivos marcados para o grupo e solicitouse a súa colaboración para conseguilos.	1 – 2 –3 – 4– 5
Se lle pediu ás familias información sobre o alumnado co fin de coñecer a evolución dos seus intereses e poder orientar con maior garantía.	1 – 2 –3 – 4– 5
Informóuse ás familias periodicamente, tanto da conduta dos seus fillos e fillas coma da actitude ante o aprendizaxe e do rendemento que vai conseguindo.	1 – 2– 3 – 4– 5
Estableceuse coordinación de forma periódica entre o titor/a e o equipo pedagóxico do grupo.	1 – 2 –3 – 4– 5
Mantivéronse contactos con colectivos e institucións externas ao centro, coa finalidade de propiciar colaboracións que contribúana potenciar o rendemento educativo do propio centro.	1 – 2 –3 – 4– 5
Recompilouse información útil que poidan proporcionar anteriores titores/as do grupo.	1 – 2– 3 – 4– 5
Se fixo transmisión de información útil aos titores/as posteriores.	1 – 2– 3 – 4– 5
As actividades propostas foron axeitadas para cubrir as necesidades reais do alumnado.	1 – 2 –3 – 4– 5
As sesións de avaliación serviron para proporcionar pautas útiles para mellorar o proceso de aprendizaxe do alumnado.	1 – 2 –3 – 4– 5



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP "AS BIZOCAS"

Balea s/n 36988 O Grove- Pontevedra-Telf. 886 15 19 72

e-mail:ceip.asbizocas@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.es/centros/ceipasbizocas



As reunións de pais e nais serviron para implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as e favorecer a súa colaboración co centro.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
A participación do alumnado nas actividades titoriais foi satisfactoria.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Alcanzáronse de forma satisfactoria os obxectivos propostos neste plan	1 – 2 – 3 – 4 – 5
A persoa titora coordinou axeitadamente ao equipo educativo de cada grupo no desenvolvemento da función titorial.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Traballouse en equipo e estimulouse a participación de todos/as nas reunións	1 – 2 – 3 – 4 – 5
O horario e os tempos adicados ás reunións son os máis axeitados para cubrir as necesidades.	1 – 2 – 3 – 4 – 5